



BECERROS RECRÍA		TOTAL TRANSACCIÓNS	138.570
TOTAL ASISTENCIA	763		
TOTAL ADXUDICADOS	709		

RAZA FRISÓN	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	78	110
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	96	128
BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS	118	152

RAZA CRUCES INDUSTRIAL	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	280	253
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	319	258
BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS	360	264

RAZA RUBIA GALEGA	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 25 DÍAS	*	*
BECERROS DE 26 A 50 DÍAS	311	*
BECERROS DE 51 A 120 DÍAS	451	310

\* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

VACUNO MAIOR		TOTAL TRANSACCIÓNS	235.164
TOTAL ASISTENCIA	362		
TOTAL ADXUDICADOS	341		

CATEGORÍA	PRECIO SEMANAL
VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U	1.669
VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R	971
VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O	538
VACAS CATEGORÍA DESFEITO P	281

\* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

BECERROS CARNICEIROS		TOTAL TRANSACCIÓNS	62.169
TOTAL ASISTENCIA	97		
TOTAL ADXUDICADOS	88		

PRECIOS KG/ VIVO	MACHOS	FEMIAS
RAZA FRISÓN	1,35	1,27
RAZA CRUCE INDUSTRIAL	2,45	2,31
RAZA RUBIA GALEGA	2,47	2,95

\* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

**PORCINO CEBADO**

EURO./KG. VIVO S/G	EUROS		Cuarta baixa consecutiva. Nas últimas catro semanas a cotización do cebo non logra eludir a estacionalidade do seu descenso outonal e acumula 18 céntimos de baixa (-13,54%), aínda sendo este un descenso máis suave co rexistrado nos anos precedentes (-22 céntimos en setembro de 2007 e -27 céntimos no 2006). E o regueiro de novas que van chegando - incremento nos pesos; a situación de crise económica que pasa factura sobre o consumo nos mercados cárnicos (que non dan revalorizado certas pezas); e a ameaza de folga de veterinarios para a vindeira semana - non fan pensar que as cotizacións teñan chegado ao seu chan. <b>Análise de mercado: Pesos:</b> Voltan a coller a senda expansiva despois do recorte na pasada semana, sendo estes superiores aos de 2007; boa oferta, aínda que existe fluidez nas saídas motivado pola alta actividade nos matadoiros; <b>Prezos Europeos:</b> Síntomas de estabilidade (despois das baixas rexistradas ao longo de setembro); o comentario é xenérico en toda Europa; os matadoiros forzan a actividade apoiados nunha produción que non pode permitirse atrasos e sabores de que se se cumpren as previsións de déficit de oferta as tensións cambiarán de lado. A partires dadora, a configuración do prezo será diferente á doutros anos: dous meses sen festivos, previsións de escaseza de oferta (estrutural) e cotizacións por baixo dos competidores europeos fan prever unhas cotizacións superiores ás de pasados anos.
	KG.	DIF.	
CARNICEIRO	1,420	-0,05	
SELECTO	1,175	-0,05	
NORMAL	1,150	-0,05	
CASTRADO	1,500	0,00	
CANAL II	1,494	-0,064	
DESVELLE	0,86/0,92	+0,03	

**BACORIÑOS**

BASE 20 KGS.	EUROS			As baixas no cebo seguen condicionando o mercado dos bacoriños: Acordo na sesión de hoxe entre a produción e a industria de non tocar a cotización do bacoriño (que podería terse reducido lixeiramente na presente semana atendendo á evolución dos principais mercados de referencia da península), á espera de que o mercado comezase a recuperarse. Máis a evolución do cebo presúmese máis determinante que nunca, sendo o indicador máis claro da liquidez inmediata dos cebadoiros, e das expectativas do mercado de inverno do porco. Así, a pesares de estar axustándose o mercado en termos de oferta, pincha a demanda en cada demarraxe das cotizacións do cebo. <b>Análise de mercado:</b> As previsións poden manterse positivas para o último tramo do ano; ao recorte estacional da oferta (nesta época do ano é normal que o desequilibrio entre a oferta e a demanda tense as cotizacións á alza), engádeselle previsiblemente un recorte adicional (estrutural) motivado por unha matanza de porcas. Porén, o mercado estará pendente da evolución do cebo, que marcará a rendabilidade dos cebadoiros e o volume de entradas.
	KG.	UNIDADE	DIF	
SELECTO	1,55	31,00	0,00	
NORMAL	1,50	30,00	0,00	

**OVOS**

CLASE	EUROS				Terceira semana con alzas nas gramaxes inferiores dos ovos: A mesa de hoxe foi a confirmación do incremento das cotizacións nas gramaxes máis baixas do ovo, pero sorprende a baixa das gramaxes máis altas. Segue a liña continuista no mercado, sen variacións significativas en canto a volumes que poidan marcar unha modificación de prezo, polo que a saída do ovo máis comercial, de tamaño medio, é o que xustifica o incremento por terceira semana nestas gramaxes. De seguir tirando a demanda quedará percorrido á alza nas cotizacións.
	BRANCOS	DIF.	MOUROS	DIF.	
XL	1,56	-0,02	1,56	-0,02	
L	1,30	+0,01	1,30	+0,01	
M	1,18	+0,03	1,18	+0,03	
S	0,93	+0,02	0,93	+0,02	

**GALIÑAS DE DESVELLE**

	EUROS		Estabilidade nas cotizacións das galiñas de desvelle: A firmeza do mercado das galiñas viuse truncado tras quince semanas a mediados de agosto descendendo dende entón as cotizacións das galiñas, motivado polo incremento na oferta (reposición de galiñas). Agora, volta a amosarse equilibrio no mercado, o que indica unha oferta que remite, quedando marxe de manobra para incrementos nas cotizacións. As cotizacións son inferiores ás rexistradas no 2007. (-12,12%).
	KG.	DIF	
SEMIPESADAS 2,100 A 2,200 KGS	0,17/0,29	0,00	

**COELLO**

GRANXA EN VIVO	EUROS		Primeiros síntomas de esgotamento: Estabilidade nas cotizacións por segunda semana consecutiva, deixando entrever un cambio de ciclo nas cotizacións; os matadoiros solicitaron nun principio lixeiros descensos posto que as vendas están paradas, prevéndose dificultades para colocar o xénero nas tendas aos prezos actuais (a crise económica pasa factura sobre o consumo de coello); mentras a produción aspiraba claramente a estabilizar as cotizacións nos valores actuais, o que ao final foi aceptado polos matadoiros.
	KG.	DIF	
NOVO	2,12	0,00	